

## Informe sobre implantación dun parque eólico en solo rústico de protección forestal (Concello de Arbo - Expediente XCP 23/033)

### ANTECEDENTES

I.- O 22.05.2023 tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia (Núm. 2023/1500770) oficio do Concello de Arbo no que formula a seguinte consulta á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo en relación co Parque Eólico O Sobredo, situado no seu termo municipal:

*"Á vista do art. 35 da Lei 2/2016, 10 de febreiro, do solo de Galicia referido aos usos admisibles, e a excepción contemplada no art. 40.4º da Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, plantéase a seguinte dúbida:*

*1ª O uso do solo, cualificado como solo rústico de protección forestal e solo rústico de protección patrimonial segundo informe técnico municipal de 30.03.2023, sería compatible coa infraestrutura do parque eólico a implantar, ao abeiro do artigo 40.4º da Lei 8/2009. A Lei do solo non fala en ningún momento de usos compatibles, senón que o termo empregado é de usos admisibles.*

*2ª En caso de que o uso fose compatible, cal sería o contido do certificado a emitir polo Concello.*

*3ª Sería o uso de parque eólico a implantar autorizable a través de licenza municipal directa, previa solicitude dos informes sectoriais correspondentes (neste caso: informe da Consellería de Medio Rural, e informe de Patrimonio), a pesares de non estar aprobado definitivamente o proxecto sectorial polo organismo autonómico, ou sería necesaria a modificación do planeamento urbanístico antes da concesión da licenza municipal?*

*4ª A licenza urbanística municipal e licenza de actividade serían os títulos habilitantes urbanísticos a esixir ao abeiro dos artigos 142 e ss. da Lei 2/2016, ou no caso da actividade sería suficiente coa comunicación previa?"*

II.- O Parque Eólico O Sobredo está situado no termo municipal de Arbo, provincia de Pontevedra, na ADE "Montouto", delimitada no Plan Sectorial Eólico de Galicia aprobado definitivamente polo Consello da Xunta o 05.12.2002 (PSEGA).

O 15.01.2013 e o 19.10.2018, a entón Secretaria xeral de ordenación do territorio e Urbanismo emitiu informes ao abeiro dos artigos 37.7 e 33.5, respectivamente, da Lei 8/2009, do 22 de decembro, polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o fondo de compensación ambiental, no procedemento de tramitación do proxecto sectorial relativo ao dito parque eólico.

Posteriormente, o 29.09.2021 e o 05.04.2023, a Dirección Xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu senllos informes favorables ao abeiro do artigo 33.7 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, relativos ao cumprimento dos requisitos das distancias aos núcleos de poboación. Non consta nova remisión do documento nin trámite posterior realizado no referido procedemento.

III.- No *Diario Oficial de Galicia* número 54, de 18 de marzo de 2022, publicouse a Resolución do 8 de marzo de 2022, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se someteron a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e a solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións do parque eólico O Sobredo e a súa liña de evacuación, situado no concello de Arbo, provincia de Pontevedra (expediente IN661A 2011/5-4).

IV.- O 24 de abril de 2023, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Recursos Naturais, emite as autorizacións administrativas previa e de construción do Parque Eólico O Sobredo.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**PRIMEIRA.-** Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, correspóndelle a este órgano



consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan os concellos de Galicia.

**SEGUNDA.-** O Concello de Arbo conta con Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 27.06.1998 e publicado no *Diario Oficial de Galicia* do 20.07.1998 e no *Boletín Oficial da Provincia de Ourense* do 15.07.1998.

A disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (LSG), relativa ao réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, establece no seu apartado 2 o seguinte:

*"2. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:*

*(...) "d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico".*

En consecuencia, ao solo rústico de Arbo aplicaráselle directamente o réxime do solo rústico previsto na LSG e na súa normativa de desenvolvemento, nomeadamente o Regulamento da LSG, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (en adiante, RLSG).

**TERCEIRA.-** A cuestión suscitada polo concello refírese, en primeiro termo, á compatibilidade da infraestrutura do parque eólico a implantar co uso do solo rústico de protección forestal e de protección patrimonial, ao abeiro do artigo 40.4 da *Lei 8/2009, do 22 de decembro, por a que se regula o aproveitamento eólico en Galicia*, na medida en que a Lei do solo non fala en ningún momento de usos compatibles, senón que o termo empregado é de usos admisibles.

A tal efecto, cómpre sinalar que, segundo o previsto no dito artigo 40.4, exceptúanse da obriga de aprobación dun proxecto de interese autonómico (antes proxecto sectorial), aqueles proxectos eólicos e as súas infraestruturas de evacuación que se implanten naqueles concellos onde a natureza do uso do solo sexa compatible con este tipo de infraestruturas. O precepto sinala que, para estes casos, deberá achegarse, xunto coa documentación da solicitude da autorización administrativa, o certificado do concello que acredite esta circunstancia, en substitución do proxecto sectorial. (O procedemento de outorgamento da autorización administrativa para a instalación de parques eólicos regúlase no título IV (artigos 27 a 41) da *Lei 8/2009, do 22 de decembro*).

En relación á dita compatibilidade, debe indicarse que a regulación do réxime xurídico do solo rústico deriva directamente da normativa urbanística vixente, nomeadamente, da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (LSG) e do seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, e prevalece mesmo sobre as disposicións do planeamento urbanístico municipal.

O artigo 35.1.m) da LSG, contempla entre os usos e actividades admisibles no solo rústico, entre outros, as instalacións e infraestruturas de produción e transporte de enerxía, tanto públicas como privadas, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren. Aínda que a normativa urbanística emprega a expresión "*usos e actividades admisibles*" no solo rústico, a esixencia da normativa sectorial de que o uso do solo sexa compatible con este tipo de infraestruturas, debe entenderse cumprida na medida en que se trate, precisamente, de usos admisibles nese tipo de solo pola normativa aplicable.

Pola súa banda, o artigo 36 da LSG establece que os usos e actividades relacionados no artigo 35 antes sinalado, son admisibles en calquera categoría de solo rústico, previa obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística. En todo caso, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou informe favorable do órgano que ostente a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal.

Segundo os preceptos indicados e, dado que a implantación dos parques eólicos sempre se produce no solo rústico, no que as instalacións e infraestruturas de produción e transporte de enerxía, tanto públicas como



privadas, son un uso admisible, dende o punto de vista urbanístico e, en aplicación do previsto no artigo 40.4 da *Lei 8/2009, do 22 de decembro*, non resultaría necesaria a tramitación dun proxecto de interese autonómico (antes proxecto sectorial), para a implantación deste tipo de instalacións, senón directamente a obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística, sen prexuízo dos informes ou autorizacións sectoriais que puideran resultar esixibles en cumprimento da normativa sectorial que resulte de aplicación.

**CUARTA.-** O concello consulta, en segundo termo, sobre o contido concreto do certificado que debe emitir o concello ao abeiro do artigo 40.4 da *Lei 8/2009, do 22 de decembro*.

En atención ao exposto na consideración xurídica anterior, a certificación municipal esixida polo artigo 40.4 da *Lei 8/2009, do 22 de decembro*, sobre a compatibilidade da implantación coa natureza do uso do solo, deberá limitarse á constatación, no suposto concreto, da aplicación efectiva do réxime xurídico antes sinalado, por tratarse dunha implantación das indicadas na letra m) do artigo 35, nun ámbito coa clasificación de solo rústico en calquera das súas categorías.

**QUINTA.-** En relación ao posible outorgamento do título habilitante municipal de natureza urbanística para a implantación do parque eólico sin necesidade da previa aprobación definitiva do proxecto sectorial en tramitación, cabe indicar en primeiro lugar que, segundo o artigo 350.2 do RLSG, non poderán outorgarse licenzas que requiran outras autorizacións ou informes administrativos previos, ata que sexan concedidas ou emitidos, nos termos da lexislación sectorial vixente.

Nomeadamente, no suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requirisen a previa avaliación de impacto ambiental, non poderá outorgarse aquela con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando fora negativa ou se incumpriran as medidas correctoras determinadas na mesma (artigos 144.3 da LSG e 356.3 do RLSG).

Asemade, non poderá concederse licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando foran procedentes. Especificamente, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal, de conformidade co previsto nos artigos 36.2 da LSG e 51.2 do RLSG.

Segundo os ditos artigos, nos terreos clasificados como solo rústico de especial protección poderán realizarse os usos, actividades e construcións enumerados no artigo 35 (entre eles os previstos na letra m) antes sinalados), sempre que sexan permitidos pola correspondente lexislación sectorial, por resultar compatibles co réxime de especial protección. A tal efecto, a competencia para emitir a autorización ou informe favorable virá determinada en función da categoría de solo rústico obxecto de especial protección de que se trate e o prazo para a súa emisión será de dous meses, transcorrido o cal, entenderase emitido con carácter favorable.

Pola súa banda, segundo o previsto no artigo 39 da LSG, para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das condicións xerais de edificación previstas no dito artigo e concordantes do Regulamento que desenvolve a Lei do solo. En todo caso, segundo o artigo 40.5 da *Lei 8/2009, do 22 de decembro*, e, aos efectos do regulado no punto 1 do artigo 37 de la LSG, no solo rústico estará permitida a apertura de camiños rurais contidos nos proxectos eólicos e das súas infraestruturas de evacuación aprobados pola administración competente.

Agora ben, o feito de que exista un proxecto sectorial en tramitación determina a necesidade de que, unha vez emitido o correspondente certificado de compatibilidade nos termos previstos no artigo 40.4 antes citado, deberá procederse por parte do órgano substantivo na tramitación do expediente do proxecto de interese autonómico (antes proxecto sectorial) ao seu arquivo.

Así, non cabe a existencia de dous procedementos simultáneos sobre o mesmo obxecto por atender contra os principios de eficacia, simplicidade, transparencia, economía de medios e eficiencia na asignación de recursos



públicos consagrados no artigo 3.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico da administración pública.

Por outra banda e, segundo o artigo 21 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*, a Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos, calquera que sexa a súa forma de iniciación. Nos casos de prescrición, renuncia do dereito, caducidade do procedemento ou desistimento da solicitude, así como da desaparición sobrevida do obxecto do procedemento, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que conorra en cada caso, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

**SEXTA.-** Para concluír, respecto da suficiencia ou non dunha comunicación previa para o inicio da actividade, debe advertirse que o título habilitante exigible para estes efectos está regulado na *Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia* e non na normativa urbanística.

O artigo 2.1.b) do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, atribúe á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, que sometan á súa consideración as entidades citadas no seu artigo 15, entre as que figuran as entidades locais de Galicia.

En consecuencia, esta cuestión non supón a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo e non procede a súa análise.

## CONCLUSIÓN

1. O artigo 35.1.m) da LSG contempla entre os usos e actividades admisibles no solo rústico, entre outros, as instalacións e infraestruturas de produción e transporte de enerxía, tanto públicas como privadas, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.

Polo tanto, desde o punto de vista urbanístico e, en aplicación do previsto no artigo 40.4 da *Lei 8/2009, do 22 de decembro*, non resultaría necesaria a tramitación dun proxecto de interese autonómico (antes proxecto sectorial), para a implantación deste tipo de instalacións, senón directamente a obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística, sen prexuízo dos informes ou autorizacións sectoriais que puideran resultar esixibles en cumprimento da normativa sectorial que resulte de aplicación.

2. A certificación municipal esixida polo artigo 40.4 da *Lei 8/2009, do 22 de decembro*, deberá limitarse á constatación da aplicación efectiva do citado réxime xurídico, por tratarse dunha implantación das indicadas na letra m) do artigo 35, nun ámbito coa clasificación de solo rústico en calquera das súas categorías.

3. O feito de que exista un proxecto sectorial en tramitación determina a necesidade de que, unha vez emitido o correspondente certificado nos termos previstos no artigo 40.4 da *Lei 8/2009, do 22 de decembro*, deberá procederse por parte do órgano substantivo na tramitación do expediente do proxecto de interese autonómico (antes proxecto sectorial) ao seu arquivo.

4. Respecto da suficiencia ou non dunha comunicación previa para o inicio da actividade, debe advertirse que o título habilitante exigible para estes efectos está regulado na *Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia*, e non na normativa urbanística, polo que non procede a súa análise.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

